

A N O S A T E R R A

IDEARIUM DAS IRMANDADES DA FALA

REDAICION E ADEMINISTRACION

Rúa Real, 36 - 1.º

A GRUÑA

PRECIOS DE SUSCRICION

Na Cruña, mes 40 céntimos. Fora, trimestre 1'50 pesetas. América, trimestre 2 pesetas.

PAGOS ADIANTADOS

ANO IX



25 de Xulio de 1925.



Núm. 215

DÍA DE GALICIA

Están de mais as verbas no día de foxe. ¿Qué imos dicir do noso sentimento que non sintan e comprendan cantos nos leen adoito?

Hoxe é día de facer exame de concencia. Que cada un vexa se rendfu todo o que é capaz de ll'ofrendare a sua Terra; obriga moral que non debe esquecer ningún galego.

N-esta data renovemos o voto feito coa Nai Terra e endexamais nos pareza que xa fixemos d'abondo por-o seu ben. Agora mais que nunca axuntémonos todos n-unha apreixada aberta ollando sempre ao lonxe por onde alumea a estreliña que "é unha fogueira que xa está preto".

Teñamos fé no porvir de Galicia, e digamos co poeta:

¡Irmans. en pé, sereos!

Saúde e Terra.

N O D Í A D A T E R R A

Levamos case dous anos de fondo silencio, de inxente quietú: todo cala en torno de nós... Parés que nada se remexe na terra e que a semente botada às mans cheas pol-os que teñen fé na virtualidade dos nosos outos ideaes, morre baixo do chan sen atopar o mais pequeno burato por onde poida saír en busca de aire e de lús. E sen embargo, noso espírito está cheo de ledicia pois n-ese silencio que parés tan ausoluto, n-esa quietú que somella tan compretá, ouvimos os pasos e sentimos as palpitaciós que nos anuncian a chegada dos tempos novos, o trunfo da causa pol-a que de cote loitamos. Quezáis nunca os feitos e os homes, os amigos, e sobor todo os inimigos, traballaron con tanta autividade e tanta eficacia en pro d'esa causa, como n-estes dous años qu'están a acabar...

SALVADOR CABEZA DE LEÓN

Compostela, no mes de Santiago de 1925.